

**PLAN DE FORMACIÓN AGRUPADO PARA O EMPREGO PÚBLICO LOCAL  
(FORMACIÓN CONTINUA)  
ENQUISA ANUAL DE NECESIDADES DE FORMACIÓN PARA O ANO 2026**

**ENQUISA INDIVIDUAL, COLECTIVA e SINDICAL**

**NOTA INFORMATIVA nº 1  
PARA FACILITAR AS RESPÓSTAS DA ENQUISA EN RELACIÓN AOS SEUS NOVOS DATOS**

**A.- RESUMO DE NOVOS DATOS DA ENQUISA DE NECESIDADES DE FORMACIÓN.-**

A nova versión actualizada da Enquisa de necesidades de formación para o presente ano 2026, incorpora as seguintes novidades:

- **NOVOS campos de datos:** INCORPORACIÓN de datos NON preexistentes nas versións previas da enquisa de necesidades

**A) Solapa da persoa solicitante / participante:**

Dato: **Sexo asignado ao nacer**  
Dato: **Área do posto de traballo**  
Dato: **Colectivo profesional**

- **ACTUALIZACIÓN dos campos de datos:** ACTUALIZACIÓN de datos SI preexistentes nas versións previas da enquisa de necesidades

**B) Solapa da proposta de acción formativa:**

Dato: **Área / contido da acción formativa**  
Dato: **Modalidade de realización da acción formativa**

**B.- FINALIDADE DESTA MODIFICACIÓN DOS DATOS DA ENQUISA DE NECESIDADES DE FORMACIÓN.-**

**B.1.- FINALIDADE DA INCORPORACIÓN DOS DATOS DA ENQUISA DE NECESIDADES DE FORMACIÓN.-**

**Dato: Sexo da persoa solicitante / participante**

A incorporación da información sobre o sexo da persoa solicitante / participante faise pola necesidade de dispoñer deste tipo de información para facilitar o cumprimento das obrigas de xustificación da subvención anual recibida da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para o cofinanciamento dos plans de formación agrupados para o emprego público local, e para mellorar a calidade da información contida na memoria técnica de execución do plan de formación anual e da información para efectos estatísticos.

Tamén se incopora esta dato para dar cumprimento ao previsto na Instrucción para a transversalidade de xénero na Deputación da Coruña, aprobada pola resolución da Presidencia núm. 2025/25051, de data 13/06/2025, en relación coa ecollida e análise de datos e estatísticas da realidade diferenciada de mulleres e homes, e de acordo cos criterios a seguir para a obtención de datos (inclusión das variábeis de sexo/xénero nos estudos, estatísticas, enquisas e recollida de datos).

**Dato: Área do posto de traballo**  
**Dato: Colectivo profesional**

A incorporación do campo referido ao tipo de **colectivo profesional** e a actualización da información sobre a **area do posto de traballo**, permiten identificar e clasificar, de forma máis exacta e axeitada, o perfil profesional da persoa solicitante / participante desta enquisa, ao recopilarse esta información de forma máis xeral, transversal e integrada, independente da: denominación específica do “posto de traballo”, da denominación da unidade (departamento, servizo, centro ou termo similar) á que se pertenza, e da entidade local na que preste os seus servizos profesionais cada empregada/o pública/o local que participe nesta enquisa de necesidades formativas.

Esta nova información sobre o **perfil profesional** da persoa empregada participante, permitirá dispoñer dunha información transversal e integrada sobre o **mapa de postos de traballo** das entidades locais da provincia da Coruña, sobre a base dunha tipoloxía de postos de traballo tipo de referencia local.

Así, aínda que cada persoa solicitante / participante indique, como xa é habitual nas enquisas anuais previas, tanto a denominación do “posto de traballo” e da “unidade” a que pertenza, de forma precisa segundo a súa propia denominación establecida pola entidade local de procedencia (nun formato editable, de forma non predefinida, nin seleccionable); estes datos serán completados con outros novos adicionais, os cales si que serán predefinidos mediante unha listaxe de datos seleccionables e estandarizados (lista cerrada predefinida de perfís profesionais), elixindo aquela denominación que mellor identifique o perfil profesional e orgánico do posto de traballo de que se trate.

Esta estandarización e homoxeneización na recollida da información da enquisa de necesidades formativas, permitirá que a análise de datos da mesma, non se vexa condicionada ou afectada pola distinta tipoloxía e denominacións dos postos de traballo que teña en cada momento cada entidade local adherida ao plan agrupado de formación local (heteroxéneidade e temporalidade), permitindo un estudo de datos de maior calidade e precisión.

O **mapa de áreas de postos de traballo** é unha das ferramentas clave do novo modelo técnico de planificación de formación para o emprego público local (formación continua) da Sección de Formación, e permite clasificar os postos das entidades locais atendendo a dúas variables: os colectivos profesionais e os ámbitos funcionais dos postos de traballo.

## **B.2.- FINALIDADE DESTA ACTUALIZACIÓN DOS DATOS DA ENQUISA DE NECESIDADES DE FORMACIÓN.-**

***Dato: Área/Contido da acción formativa***

***Dato: Modalidade de realización da acción formativa***

Se actualiza o contido destes campos de datos referidos á área e contido e modalidade de realización da acción formativa que se propón, ca finalidade de mellorar o seu contido e actualizalo segundo as novas necesidades formativas dos empregados públicos locais, así como clarificar e reordenar a súa clasificación en modalidades e ámbitos funcionais máis orientados ao contido das actividades e actuacións públicas das entidades locais, dunha forma máis coherente e integradora. Tamén se aproveita para unificar criterios técnicos, modalidades e ámbitos funcionais das accións formativas seguindo os actuais criterios da Escola Galega de Administración Pública (EGAP).

**Nota Adicional:** Ver información adicional sobre contido dos datos seleccionables da área do posto de traballo e do colectivo profesional nas notas informativas adicionais (formato PDF) que constan na páxina WEB de Formación da Deputación da Coruña:

<https://www.dacoruna.gal/formacion/estudo-necesidades/>

- 
- |  |   |
|--|---|
| ▪ Nota Informativa nº 2: Colectivo Profesional   | Mapa de postos de traballo tipo.  |
| ▪ Nota Informativa nº 3: Área do posto de traballo<br>Modalidade de realización da acción formativa. | Mapa de áreas de traballo tipo.   |
| ▪ Nota Informativa nº 4: Outros datos de interese  | As competencias profesionais para empregados públicos: conceptos previos.                 |
| ▪ Nota Informativa nº 5: Outros datos de interese  | As competencias profesionais na normativa actual e futura do emprego público.             |
| ▪ Nota Informativa nº 6: Outros datos de interese  | Mapa de competencias profesionais para empregados públicos locais:<br>Estudo comparativo. |
- 

A Coruña, febreiro de 2026.

A Sección de Formación da Deputación da Coruña.

+++